

Modificación das comisións de servizo por conciliación.



O pasado mes de xuño, no marco das reunións da comisión que analiza as solicitudes de comisións de servizo por conciliación, a CIG-Ensino solicitou unha modificación da orde para eximir do requisito dos 60 Km de distancia entre a residencia da persoa solicitante e a localidade na que se ten destino definitivo a aqueles solicitantes que tivesen o seu destino nun centro con xornada partida.

O motivo da nosa solicitude radicaba nunha realidade claramente contrastábel: un docente con destino nun centro con xornada partida a 30 Km da súa casa pode ter peores horarios, desde a perspectiva da conciliación coa atención da súa filla ou fillo que outra que está a 60 Km con xornada única.

En resposta á nosa demanda a Consellaría trouxo á Mesa Sectorial unha proposta que atende parcialmente o que solicitamos. En concreto limita esa exención da distancia a quen tivese o destino en centros de

Educación Infantil, Educación Infantil e Primaria, Educación Primaria, Colexios Rurais Agrupados, Centros de Educación Especial e Centros Públicos Integrados que teñen réxime de xornada partida.

É certo que o principal colectivo de profesorado con destino en centros con xornada partida é do corpo de mestres mais non hai que esquecer que hai profesorado que traballa en IES, CIFP e centros de réxime especial que poden ter tamén horario de mañá e tarde. A única diferenza que existe é que todas as mestras e mestres nun centro con xornada partida teñen ese mesmo horario e que no resto dos corpos non. Para que a comisión se conceda en igualdade de condicións a CIG-Ensino propuxo que, nos centros diferentes dos de mestres, a dirección certifique que a persoa solicitante ten horario na quenda de tarde ou en ambas as quendas. A redacción do artigo 3.2 quedaría, coa nosa proposta, da seguinte maneira:

“Non será esixíbel este requisito a aquelas persoas que presten servizos nos centros docentes en que se imparten ensinanzas en réxime de xornada partida”.

Logo dun debate sobre a heteroxeneidade dos diferentes centros de secundaria, do feito de que non ven claro a certificación dos horarios e da complexidade que alegan para a xestión por parte da Consellaría, conclúen

denegando a nosa proposta malia recoñecer que existe unha discriminación no caso daquelas persoas que teñen toda a docencia pola tarde ou mesmo partida nas dúas quendas.

A CIG-Ensino está en desacordo coa negativa da Consellaría e entende que non se poden alegar problemas de xestión ou dúbidas sobre a certificación dos horarios do profesorado para negar un dereito.

Tipo de comisión superior en caso de fillo ou filla con discapacidade.

Somos conscientes de que hai profesorado con fillos ou fillas con discapacidade mais ao que non se lle concede comisión de saúde pola discapacidade do fillo ou filla. Nestes casos cremos que debe terse en consideración e, de igual maneira que se contempla como familia numerosa unha na que hai dous fillos e un deles ten discapacidade, propomos os seguintes cambios:

- conceder comisión de conciliación de tipo II por ter un fillo ou filla menor de 6 anos se ten recoñecida unha discapacidade.

- conceder comisión de conciliación de tipo III por ter dous fillos menores de 12 anos se un deles ten recoñecida unha discapacidade.

A consellaría aceptou a nosa proposta, quedando pendente a redacción final, unha vez revisada con máis calma a nosa proposta.

Que ambos cónxuxes poidan pedir concilia nos casos de tipo III.

A norma actual impide que ambos cónxuxes, se son docentes, poidan pedir concilia. A experiencia destes anos apunta a que os escasos exemplos nos que se produce este feito e en casos de varios fillos, como é o caso das de tipo III (tres fillos ou fillas menores de 12 anos) debe xustificar que se poidan conceder a ambos proxenitores.

A Consellaría amósase partidaria de aceptar a nosa proposta mais condicionada á posición dos demais sindicatos que alegan que teñen que valoralo antes de aclarar se están a favor ou en contra.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasertería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal